

Os refuxiados políticos e a tradución

Áurea Fernández Rodríguez¹

Recibido: 21 de marzo de 2016 / Aceptado: 19 de setembro de 2016

Resumo. O obxectivo xeral deste traballo consiste en facer patente a especificidade dos refuxiados políticos galegos en América desde a perspectiva da tradución como práctica. Analizamos a actividade dalgúns destes tradutores galegos, en xeral con formación universitaria, escritores e humanistas que se marcaron o deber de loitar para manter e recuperar o período de progreso cultural da España republicana anterior á Guerra Civil española. Ó tempo conseguiron introducir novos textos nos países de acollida co que potenciaron a súa cultura en xeral e a súa industria editorial en particular. A modo de ilustración abordamos de forma máis detallada a actividade do refuxiado político e historiador José Almoína de Mateos (1903-1960).

Palabras chave: Tradución; refuxiados políticos; cultura galega; editoriais; Arxentina; México.

[es] Los refugiados políticos y la traducción

Resumen. El objetivo general de nuestro análisis consiste en hacer patente la especificidad de los refugiados políticos gallegos desde la perspectiva de la traducción como práctica. Hacemos referencia a la actividad de algunos de los traductores gallegos, en su mayoría universitarios, escritores y humanistas que se marcaron el deber de luchar para mantener y recuperar el periodo de progreso cultural de la España republicana anterior a la Guerra Civil española. Al mismo tiempo conseguían introducir nuevos textos con los que potenciaban la cultura y la industria editorial en los países de acogida. A modo de ilustración nos detendremos en la actividad del refugiado político e historiador José Almoína de Mateos (1903-1960).

Palabras clave: Traducción; refugiados políticos; cultura gallega; editoriales; Argentina; México.

[en] Political Refugee and Translation

Abstract. The general objective of this study is to highlight the specificity of the exile of Galicians from the point of view of translation as a practice. The article refers to the activity of some Galician translators, mostly graduates, writers and humanists, who took on the duty of striving to maintain and recover the cultural progress of the Republican Spain that existed prior to the Spanish Civil War. These intellectuals simultaneously introduced new texts that boosted the cultural and publishing industry in the host countries. As an example, the paper describes the activity of the political refugee and historian José Almoína de Mateos (1903-1960).

Keywords: Translation; Political Refugee; Galician Culture; Publishing House; Argentina; Mexico.

Sumario. 1. Introducción. 2. Metodoloxía e marco teórico. 3. Os emigrados políticos como autores, iniciadores e tradutores. 3.1. O galego como lingua meta. 3.2. As combinacións lingüísticas do galego ó castelán e/ou de linguas modernas ó castelán. 3.3 Linguas modernas e clásicas traducidas ó castelán. 3.4. O caso do historiador e tradutor José Almoína Mateos (1903-1960). 4. Conclusións. 5. Referencias bibliográficas.

Como citar: Fernández Rodríguez, Á. (2017): "Os refuxiados políticos e a tradución", *Madrygal. Revista de Estudios Gallegos* 20 (Núm. especial), pp. 101-112.

¹ Universidade de Vigo, Departamento de Tradución e Lingüística.
E-mail: aurea@uvigo.es

1. Introducción

“Refuxiado” foi a palabra elixida non só en español senón tamén en galego no ano 2015. Este termo popularizado pola prensa para designar as miles de persoas que foxen de conflitos bélicos non é novo posto que no século XX, un dos períodos máis conflictivos da Historia de Europa, xa se empregaba coa mesma acepción que nolo presentan actualmente tanto o *Diccionario de la lengua española* da Real Academia Española como o *Diccionario da Real Academia Galega*. Este último define o termo como “Persoa que se viu obrigada a abandonar o seu país por causas políticas, unha guerra, unha catástrofe etc. *Os refuxiados da guerra civil. Refuxiado político*”. Efectivamente, a escaseza e sobre todo os conflitos bélicos por motivos políticos ou relixiosos orixinaron importantes desprazamentos de seres humanos de diversas culturas dunhas rexións cara a outras. As consecuencias deste fenómeno son moi variadas e dependen das modalidades da migración, do perfil demográfico rexional e das características das persoas que conforman os fluxos migratorios. Despois do século XVIII, a comunidade galega sufriu os efectos da emigración masiva en varios períodos. Mais o que nos interesa neste estudo non son os emigrantes que fuxiron por motivos económicos, senón os exiliados da Guerra Civil española (1936-1939).

O tema dos refuxiados republicanos e da necesaria recuperación da memoria –sobre todo no ámbito da cultura galega–, aínda que de forma tardía foi obxecto de varios estudos nas últimas décadas. En relación co exilio galego, sirvan de exemplo os seguintes congresos: “Cincuenta años de exilio español en Puerto Rico y el Caribe: 1939-1989, memorias del Congreso Conmemorativo celebrado en San Juan de Puerto Rico” (1991), “Sesenta anos despois: os escritores do exilio. Actas do Congreso Internacional celebrado na Universidade de Santiago de Compostela, 16, 17 e 18 de marzo de 1999” ou o congreso titulado “O Exilio Galego” (2001) que convocou o Consello da Cultura Galega². Cómpre destacar,

ademais, as numerosas publicacións que viron a luz en Edicións do Castro grazas á xenerosidade de que amosou Isaac Díaz Pardo dende 1963. No entanto, coidamos que estes inestimables traballos non lle fan xustiza á enorme labor intelectual que realizaron os desterrados galegos despois da Guerra Civil española. A investigadora arxentina María Rosa Lojo, filla dun exiliado republicano, debulla os estereotipos galegos nun artigo publicado no xornal de *La Voz de Galicia* e destaca a existencia dunha indiferenza cara ós galegos mesmo entre a propia poboación arxentina que tomou Francia como modelo de cultura refinada ó tempo que amosa un certo prexuízo antihispánico:

A pesar de la importante inmigración de intelectuales traída especialmente por los exilios de la primera y la segunda República, nunca llega a extenderse en el imaginario popular y estético la representación de los gallegos como referentes en lo artístico y lo científico. Ni aun en un momento de esplendor editorial que se les debe principalmente a ellos y que sin embargo el mismo Julio Cortázar, casado con una gran traductora hija de gallegos, cuñado de un notable poeta, y publicado por Paco Porrúa, no alcanza a reflejar en su literatura. (Lojo 2010)

O historiador Xosé Manuel Núñez Seixas tamén lamenta o esquecemento e a invisibilidade do exilio republicano galego, especialmente en estudos fóra de Galicia:

De feito, para a historiografía do exilio republicano español os exilios vasco ou catalán son sub-conxuntos específicos claramente identificábeis, mentres o exilio galego sinxelamente non existe. Este esquecemento vén de lonxe, dende as primeiras obras que trataron da evolución do exilio político (onde, poñamos por caso, xamais se menciona ó galeguista Alfonso R. Castelao como integrante do Goberno Giral en 1946. (Núñez Seixas 2001: 40)

O papel dos exiliados galegos na súa faceta de tradutores no decorrer da cultura en América é o aspecto fundamental ó redor do que

² No marco deste congreso xurdiu o *Repertorio bio-bibliográfico do Exilio Galego: Unha primeira achega* ideado polo Arquivo da Emigración Galega e levado a cabo por Rosa M^a López González, Carmen Luna Sellés, Silvia Falcá Santiago, Gustavo Hervella García e Nancy Pérez Rey. A edición deste *Repertorio* preparada para o “I Congreso Internacional O Exilio Galego” conta cun total de 2141 rexistros de exiliados ordenados alfabeticamente entre os que se atopan a figura de José Almoína.

xira a nosa investigación. Analizaremos estes autores-iniciadores-tradutores á luz do seu pasado traumático, pero sobre todo desde a perspectiva da tradución como práctica, partindo dunha hipótese dupla: os refuxiados ou exiliados galegos, en xeral con formación universitaria, escritores e humanistas marcáronse o deber de loitar para manter e recuperar o período de progreso cultural da España republicana e ó mesmo tempo introduciron textos da literatura universal e da cultura en xeral descoñecidos nos países de acollida, enriquecendo así a súa cultura e a súa industria editorial.

O noso propósito consiste en manter viva a súa memoria, visibilizar e valorar o seu papel como axentes na difusión de obras culturais, de textos da literatura europea e americana modernos dos países receptores, sobre todo no chamado “auxe editorial” ou “época de ouro” da industria do libro en Arxentina e México. Amosamos así a influencia da súa condición de exiliados non só no seu papel de tradutores senón tamén como transmisores culturais (redactores, editores, iniciadores e responsables da edición do texto) e, finalmente, facemos patente a especificidade do exilio galego³ no ámbito cultural e literario, concretamente no mundo da edición ou/e da tradución no período comprendido entre o final da II Guerra mundial e finais dos anos 1970.

2. Metodoloxía e marco teórico

Para corroborar a hipótese anunciada e afrontar o tema con rigor guiámonos por tres liñas científicas que, por razóns de espazo, nos limitaremos a enunciar. En primeiro lugar baseámonos na documentación histórica que acredita as datas de saída do país e a chegada ó lugar de acollida como os libros de rexistro da chegada dos emigrantes a Arxentina (1911-1953) no Museo da Inmigración que ocupa un pavillón do antigo Hotel de Inmigrantes; o diario de abordo dos transatlánticos Sinaia, Ipanema e Mexique ou do transatlántico Flandre que desatracou do porto francés de Saint-Nazaire, o 25 de outubro de 1939 con 273 refuxiados españois a bordo rumbo a Santo Domingo onde chegou o 7 de novembro. No listado publicado, de nomes e

oficios, figuraba a familia Almoína (Morales 2009: 78 e 80).

A segunda liña na que nos temos que fundar é a das combinacións lingüísticas de traballo. Reunimos os tradutores en tres grupos esenciais segundo as linguas de partida e as de chegada que dominaban: uns autores tradutores traducían textos ou fragmentos de textos orixinalmente escritos en linguas modernas varias pero tamén latín e grego cara ó castelán; outros vertían textos escritos en galego cara ó castelán e, finalmente, había un terceiro grupo de autores tradutores que partían de textos escritos en diferentes linguas para vertelos ó galego.

A terceira liña científica que seguimos é a da análise crítica da obra traducida desde unha perspectiva centrada na práctica da tradución. Cabe distinguir e analizar a figura protagonista do proceso é dicir quen traduciu, pero tamén hai que saber que se traduciu, en que circunstancias e, en que contexto social e político. Os intelectuais galegos que se instalaban en América (ou noutro país de acollida) e se dedicaron á tradución sabían que o resultado, o valor e os efectos da tradución no público receptor tamén dependían doutro factor fundamental do proceso, é dicir, do tipo de receptor para quen traducían.

En canto ó marco teórico se refire, seguimos o modelo dunha investigación sociolóxica que levou a cabo a chilena Ana Vasquez-Bronfman (1991: 213-224) e un equipo de investigadores do CNRS de París, sobre a experiencia dos exiliados políticos en Francia e en Europa nos que distingue tres etapas que nos axudan a deslindar o éxodo galego de Europa co Latinoamericano, pero tamén os exilios do propio continente americano. Pois non hai que esquecer que os exilios son diferenciábeis non só polos actores que os viven (a súa cultura e os seus motivos, entre outros) senón tamén segundo os países de acollida. Ana Vasquez-Bronfman indica que a primeira etapa é a da chegada caracterizada polo traumatismo da súa saída imposta e forzosa. Este desterro provoca a desesperación dos refuxiados, a nostalxia e un sentimento de culpabilidade por ter que deixar

³ Non co ánimo de discriminar outras comunidades senón coa intención de valorar o traballo destes intelectuais galegos que foron os grandes esquecidos de varios estudos.

as persoas que se quedan, sufrindo o conflito. A segunda etapa, denominada a da transculturación⁴, prodúcese cando calquera persoa que ten que vivir durante un período prolongado fóra da cultura onde foi socializada sofre un cambio ó ter que pasar dunha cultura a outra, mais este proceso adquire unha connotación específica no caso dos exiliados. Por último, vén a terceira etapa, a do derrubamento dos mitos constitutivos do grupo dos exiliados ou da comunidade exiliada. Pois como ben nos lembra Francisco Caudet o fenómeno do exilio preséntase como

Una experiencia psicológica, motivada por la separación física y afectiva de un medio sociocultural. (...) El exilio no consiste en un trueque, sin más, de un espacio por otro, de una circunstancia por otra; el exilio es, sobre todo, la pérdida de la identidad, de la estabilidad, del sentido de finalidad... El exilio tiende, a causa de ello, a reconstruir y mitificar la memoria de lo perdido. (Caudet 1992: 644)

O exilio é un concepto moi complexo que procede do campo da antropoloxía e preséntase como unha experiencia traumática ó longo da historia da humanidade. Na Idade Media a principal causa era relixiosa. Logo na denominada Idade Contemporánea coa aparición dos nacionalismos e a proliferación de ideoloxías no século XIX, a principal responsable foi sobre todo a disidencia política. Na actualidade, na segunda década do século XXI, asistimos a novos brotes de refuxiados políticos que se veñen desenvolvendo desde hai uns anos por motivos relixiosos e que foxen cara a zonas máis pacíficas e prósperas. No século XX, a Guerra Civil española (1936-1939) e a Segunda Guerra Mundial (1940-1945) xeraron un importante éxodo de persoas que influíu na forma de chegar ó continente americano e no modo de integrarse nas sociedades de acollida. Os numerosos galegos que nos ocupan son xeralmente persoas

vinculadas ó mundo académico, literario, científico, periodístico... marcadas polo contexto de conflito non só da Guerra Civil española senón tamén da Segunda Guerra Mundial. O primeiro que necesitaban os exiliados ó chegar ós distintos países de acollida era atopar un traballo para subsistir durante un tempo que se esperaba curto. En América, especialmente nos países hispanos a creación, a actividade editorial e a tradución foron as principais fontes de ingresos para moitos deles. Ademais de contar cunha formación universitaria en castelán, a maioría dos refuxiados galegos dominaban tamén outras linguas estranxeiras, especialmente o francés, o portugués e o inglés que lles abrían novas posibilidades no ámbito cultural e concretamente no editorial.

3. Os emigrados políticos como autores, iniciadores e tradutores

Non sempre ben considerada⁵, a tradución era unha actividade que exercían sobre todo os españois na época que nos ocupa en Arxentina “tan importante para las interrelaciones culturales en una época de gran apertura y actividad intelectual argentina” (Zuleta 1999: 53), pero tamén noutros países de América. Como mencionamos anteriormente, a actividade dos autores-tradutores estaba suxeita non só ó seu perfil, senón tamén ós destinatarios e á situación socio-política dos distintos lugares de acollida, ás circunstancias de produción das publicacións, á conxuntura económica das rexións de acollida etc. Así, e aínda que a Arxentina contaba con boas perspectivas económicas e coa colectividade galega máis numerosa, o goberno presidido por Roberto M. Ortiz de orixe éuscara amosouse contrario a concederlles asilo ós galegos. México era un dos máis permeables e dos máis desexados polas políticas favorables promovidas polo presidente Lázaro Cárdenas. Algúns outros foron a Chile, Puerto

⁴ O antropólogo cubano Fernando Ortiz Fernández (1881-1969) parece ser o responsable de acuñar a noción no marco dos seus estudos sobre o contacto cultural entre distintos grupos. A colonización, a inmigración, o renacemento ou a recepción a distancia (sen contacto) son tipos de transculturación que poden producir cambios máis ou menos apreciáveis no idioma, na forma de vestir, na materia cultural ou no ámbito profesional. Esta adaptación dos rasgos dunha cultura allea como propios prodúcese dunha forma máis ou menos profunda nos individuos e os efectos nos lugares de destino acadan tamén graos diversos.

⁵ Así o reconece tamén o exiliado andaluz Francisco Ayala: “De la traducción se ha afirmado con frecuencia que es labor ingrata: exige mucho y procura menguados frutos” (Ayala 2006: 104).

Rico, a República Dominicana⁶ á que chegou José Almoína, Uruguai⁷ que acolleu Lois Tobío e a Venezuela que, ó empezar o seu auxe petrolero, precisaba profesionais cualificados e investimentos. A este país parece que non chegaron máis de tres centenaes de republicanos, mais alí viviu o galego Celso Emilio Ferreiro entre 1966 e 1973 cuxo traslado tivo, sen dúbida, un compoñente intelectual. En México instalouse o musicólogo Jesús Bal y Gay⁸; en Arxentina refuxiáronse Luís Seoane, Espasandín e Arturo Cuadrado. Moitos destes refuxiados, como Lorenzo Varela, pasaron de México a Arxentina logo Uruguai. A nómina é moi nutrida para poder sintetizala nestas páxinas e como xa debullamos o perfil dalgún deles noutras colaboracións⁹, dedicámoslle o último apartado a José Almoína de Mateos.

3.1. O galego como lingua meta

Contamos con diferentes exemplos de textos ou fragmentos de textos vertidos ó galego en numerosas revistas que os propios exiliados crearon para divulgar a cultura galega. Entre eses exemplos citamos os títulos seguintes: “Do inglés ao galego. Un pequeno feixe de poesía por Plácido Castro” (*Galicia Emigrante* II/8, 1955: 18-19) ou traducidos do francés “Tres poemas de Mino Drouet” (*Galicia Emigrante* III/22, 1956: 3). Esta última tradución non aparece firmada¹⁰ mais suponse que procede da man de Álvaro Cunqueiro. Polo seu significado e pola data da súa publicación non podemos deixar de mencionar unha antoloxía de poesía traducida, obra de tres poetas galegos de renome: *Poesía inglesa e francesa*

vertida ao galego (1949, Bos Aires, Alborada; 2005, Vigo, Galaxia¹¹). Os tradutores –Plácido Castro (Corcubián, 1902 - Cambados, 1967), Lois Tobío Fernández (Viveiro, 1906 - Madrid, 2003) e Florencio Manoel Delgado Gurriarán (Ourense, 1903 - California, 1987)– ofrecen unha selección de poemas de trinta poetas que escriben en inglés e francés, entre os que introducen poemas de catro mulleres escritoras. Os poemas da irlandesa Christina Rossetti (1830-1894) encabezan a lista de Plácido Ramón Castro del Río. Lois Tobío fai posible a lectura en galego de tres poemas da compañeira de André Malraux, a francesa Louise de Vilmorin (1902-1969): “Les chevaux marins”, un poema musicado posteriormente; “Ombre”, sacado de *Fiançailles pour rire* (1939) e “Officiers de la garde blanche” (Castro *et al.* 2005: 162-167). Por último, Florencio Delgado escolle uns versos da franco-romanesa Hélène Vacaresco (1864-1947), que escribía en francés, e outros da autora francesa Lucie Delarue Mardrus (1874-1945), símbolo de liberdade no período denominado “années folles”. Con esta escolla os autores-tradutores que nos ocupan están recoñecéndolle ás mulleres citadas un valor como creadoras.

Ademais, os tres poetas galegos moi comprometidos co seu país, consideran que o cultivo da tradución, especialmente a literaria, debe ser gabada polas dificultades de traballo que xera, pero tamén polo servizo de universalización que presta. O que reza no prólogo da publicación ofrécenos, ó mesmo tempo, a súa visión da tradución literaria e a que imperaba nesa época: “Os aires de fóra limpan, refrescan,

⁶ O presidente Rafael Leónidas Trujillo (no poder desde 1930 ata a súa morte en 1961) non se caracterizou precisamente por ser un dictador xeneroso socorrendo ós refuxiados españois. O que pretendía era branquear o seu país cos exiliados españois traballando na fronteira con Haití. No entanto, coa súa política de inmigración creouse na illa un importante movemento artístico grazas á chegada de artistas como Ángel Botello, Eugenio Fernández Granel, José Gausachs, Manolo Pascual, José Vela Zanetti, Joan Junyer e Alfonso Vila Shum. Os servizos secretos do tirano asasinaron, ademais do exiliado galego José Almoína, a outros refuxiados: o vasco Jesús Galíndez e o catalán Alfons Pereñatres.

⁷ Isaac Díaz Pardo, o artífice de Sargadelos, estivo sempre moi vinculado cos intelectuais que pasaron parte da súa vida no exilio como Luís Seoane, Rafael Dieste, Lorenzo Varela, Antonio Baltar, Blanco Amor, Lois Tobío, Vilanova, Arturo Cuadrado, Laxeiro, Neira Vilas ou Núñez Búa. Ademais de promocionar o Laboratorio de Formas de Galicia en Arxentina con Luís Seoane, intentou recuperar e divulgar a obra dos exiliados a través de Edicios do Castro.

⁸ Ensaísta, tradutor e compositor Jesús Bal y Gay (Lugo 1905 - Madrid 1993) desenvolveu unha prolífica e pouco coñecida actividade como musicólogo en México onde se converteu nun referente. Para máis información véxase o *Cancionero gallego* (Martínez Torner y Bal y Gay (comps.) 2007).

⁹ Véxanse principalmente Fernández Rodríguez 2012 e 2014.

¹⁰ En numerosas ocasións, as colaboracións destes refuxiados aparecían firmadas con pseudónimos: Lorenzo Varela asinaba como Felipe Arcos Ruiz, Arturo Cuadrado como Alberto Denia e Luís Seoane como Conrado Alem ou C. A.

¹¹ Empregamos neste traballo a edición que publicou Galaxia en 2005.

renovan. A voz de Galicia ten que se ouvir no mundo e as do mundo en Galicia” (Castro *et al.* 2005: 14). Pois Galicia para seguir dentro do mundo non podía perder o ritmo mundial que se acadara co resto de España na etapa de preguerra. Por outra parte, estes tres tradutores xa eran daquela autores recoñecidos polo que achegaban unha plusvalía á tradución cara ó galego que, como xa apuntamos, non era ben valorada en ningunha das combinacións lingüísticas que se practicaba.

3.2. As combinacións lingüísticas do galego ó castelán e/ou de linguas modernas ó castelán

Os arxentinos coñecen Emecé como a editora que popularizou a obra de Borges e a tradución de *Le petit prince*, de Saint-Exupéry¹² (*El principito*, 1951) pero poucos saben que os piares da empresa levantáronos uns galegos¹³, pois o coruñés Mariano Medina del Río e o ourensán Álvaro de las Casas foron os que fundaron a editorial Emecé (MC) en Bos Aires no ano 1939. Coa creación das primeiras coleccións Hórreo e Dorna da devandita editorial, Luís Seoane e Arturo Cuadrado iniciaron en 1940 unha etapa de publicacións de poesía e prosa de autores clásicos e contemporáneos galegos para amosar a vertente culta de Galicia. A empresa deulle perdas económicas ós empresarios pero o catálogo nutriase dunha serie de textos moi ben editados que reivindicaban o espertar cultural da Galicia anterior ó conflito bélico: *De catro a catro* de Manuel Antonio (1940, Bos Aires, Emecé, Col. Dorna; edición bilingüe con prólogo e tradución ó castelán de Rafael Dieste); ese mesmo ano ve a luz a edición bilingüe de *Cincuenta hombres por diez pesos* (Bos Aires, Emecé). A pesar de que non se asocia a ningunha das coleccións que dirixía Luís Seoane pénsase que tivo parte no proxecto (Alonso Montero 1995: 189). En 1941, édítase *Cantigas de Macías o Namorado, trovador gallego del siglo XIV* (Bos Aires, Emecé, Col.

Dorna); no prólogo aparece un fragmento do estudo de H. A. Rennert (Filadelfia, 1900) traducido ó castelán por María de Salnés. En 1941 aparece *Veinte cuentos gallegos* (Bos Aires, Emecé, Col. Hórreo), que inclúe relatos breves galegos traducidos por primeira vez ó castelán. Moitos destes orixinais deunos a coñecer con gran éxito en Galicia a Editorial Lar, fundada en 1924 por Leandro Carré Alvarellos (1888-1976) e Ánxel Casal (1895-1936), militante do Partido Galeguista e asasinado en agosto de 1936 polas súas colaboracións con iniciativas republicanas, galeguistas e sindicalistas.

A empresa é un referente indispensable para o libro e a cultura autóctona da década de 1920-1930 na que se publicaban noveliñas que nada tiñan que envexar ás publicadas en empresas semellantes noutras terras e coa que os intelectuais galegos amosaron estar ó tanto do que se estaba a facer nos centros culturais europeos máis selectos. A obra reflicte tamén o seu compromiso coa loita pola lingua galega porque se trata do “primer ensayo editorial en lengua gallega, realizado con la colaboración de los más calificados valores de Galicia de entonces” (Barreiros 1954: 16). Nomes ben coñecidos das letras galegas participaron neste proxecto do que salientamos os seguintes títulos traducidos ó castelán: o relato de Amado Carballo “Los pobres de Dios” (1941: 9-40), “Pecho de lobo” de Alfonso R. Castelao (1941: 45-49), “Gárgolas” de Evaristo Correa Calderón (1941: 49-59), “Acerca de la muerte de Bieito” de Rafael Dieste (1941: 67-70), “Mi mujer” de Wenceslao Fernández Flórez (1941: 70-101) –o orixinal “A miña muller” foi o que inaugurou o labor da Editorial Lar–, “Yo y mi corazón” de Ánxel Fole (1941: 101-104), “Casamiento” de M. García Paz (1941: 104-116), “Como en la parábola de Peter Breughel” de Eugenio Montes (1941: 140-148) e “El lobo de la gente” de Vicente Risco¹⁴ (1941: 175-183).

Ó abandonar Emecé, Luís Seoane e Arturo Cuadrado poñen en marcha en 1942 a editorial

¹² A tradución do abogado arxentino Bonifacio Carril, o responsable da editorial desde 1947, está considerada como a obra máis vendida por Emecé en toda a súa dilatada historia; pero Emecé tamén ten o mérito de introducir naquela época un novo xénero en Arxentina, o xénero policíaco.

¹³ Segundo Ayala Emecé naceu da asociación de Luís Seoane co escritor Luis Baudizzone, “y con dos o tres más (...) para publicar unos libritos primorosos” (Ayala 2006: 273 e 323).

¹⁴ Dos trinta e nove títulos que sacou a Editorial Lar, o orixinal de Vicente Risco e “Os probes de Deus” foron os que maior difusión tiveron, xa que se esgotaron axiña os tres mil exemplares que se editaron, pero todas tiveron boa acollida.

Nova situada na Avenida de Mayo¹⁵ nº 22 co mesmo empeño de manter viva a actividade cultural existente en Galicia antes do estalido da Guerra Civil. O catálogo da editorial Nova inclúe obras de galegos ilustres: *Orígenes de la lengua gallega* de Fray Martín Sarmiento, *Diego Gelmírez* de Manuel Murguía e *Cuadros de la guerra* de Concepción Arenal.

3.3. Linguas modernas e clásicas traducidas ó castelán

Neste terceiro grupo incluímos combinacións lingüísticas nas que entran linguas vivas e clásicas como linguas de partida e o castelán como lingua de chegada. Neste apartado debemos recordar algúns títulos que viron a luz ben por encomenda de diferentes iniciadores ben por iniciativa propia. A modo de exemplo lembramos as traducións de Lorenzo Varela (1916-1978) na súa etapa de México como codirector da revista *Romance. Revista Popular Hispanoamericana*: a “amena y extravagante crónica” e a “*Histoire véridique du canard* que creemos inédita en castellano, debida al ingenio de Gerardo de Nerval”. Entra neste apartado algunha obra editada pola editorial Botella al Mar que fundaron Luís Seoane e Arturo Cuadrado en 1947 como a antoloxía do poeta inglés John Donne en edición bilingüe¹⁶ (carta de Luís Seoane a Sr. Armando Zegrí data da o 9/06/1953) e o libro titulado *Las Torres de marfil* con 25 debuxos cuxos pés tivo que traducir Luís Seoane dende o galego cara ó castelán.

En Arxentina, como responsable da “Colección Romántica” e da “Colección siglo XIX” da editorial Nova, Lorenzo Varela publica respectivamente as traducións: *La bohemia galante*, de Gérard de Nerval (1943) e *Cartas a Madame Récamier*, de Benjamin Constant (1943). En 1943 edita o estudo *Actualidad de la obra crítica de Baudelaire* (Bos Aires, Ed. Poseidón), onde traduce ó castelán as críticas de arte do

poeta francés. Lorenzo Varela traduciu tamén do portugués ó castelán a obra do brasileiro Jorge Amado, *Dona Flor e seus dois maridos* (1966). A obra viu a luz por primeira vez en Bos Aires grazas á editorial Losada¹⁷, coñecida como a editorial dos exiliados españois.

Neses tempos de illamento do resto do mundo e de incomunicación baixo o réxime franquista, chegaban clandestinamente a España burlando a censura, libros editados no outro lado do Atlántico. Pois Madrid ou Barcelona¹⁸ deixaron de ser os grandes centros de difusión do libro para ceder paso a México ou Bos Aires. Mencionamos os casos das editoriais Losada e Sudamericana, pero tamén a colección “Evolución de la Humanidad. Síntesis colectiva” da editorial Unión Tipográfica Editorial Hispano Americana (UTEHA) na que colaborou como tradutor José Almoína que nos ocupará no apartado seguinte. A capital arxentina e a mexicana erixíanse así como centros literarios e editoriais de Latino America ó mesmo tempo favorecidas polo ocaso editorial dunha Europa sumida no caos pero onde se atopaban numerosos lectores.

En 1955, a editorial Nova publica *Madame de*, da autora francesa Louise de Vilmorin (1902-1969) na tradución da chilena e secretaria de Pablo Neruda, Margarita de Aguirre. Xa indicamos que a autora francesa foi incluída uns anos antes na antoloxía *Poesía inglesa e francesa vertida ao galego*,

3.4. O caso do historiador e tradutor José Almoína Mateos (1903-1960)

O lucense José Almoína Mateos (1903-1960) é unha figura moi relevante e coñecida dende o punto de vista político pero pouco estudada na súa faceta como tradutor. Graduouse na Universidade de Santiago de Compostela en 1930, nunha época na que os mozos intelectuais adoitaban sociabilizarse en tertulias na capital galega. Naquelas reunións participaban Álvaro

¹⁵ Os desterrados galegos con outros intelectuais españois e arxentinos adoitaban reunirse para conversar no café Tortoni situado nesa mesma Avenida de Mayo, no nº 829. Foi precisamente nese café onde Francisco Ayala coñeceu a Luís Seoane, Lorenzo Varela e Rafael Dieste (Ayala 2006: 271-273 e 280).

¹⁶ Reeditada pola editorial Nova en 1963.

¹⁷ Fundada polo madrileño de orixe galega Gonzalo José Bernardo Juan Losada Benítez (1894-1981).

¹⁸ Empezaban a modernizar a España literaria algúns editores como José Janés á súa volta do exilio en 1944, os cataláns de Burgos coa creación da editorial Destino e o Premio Nadal ese mesmo ano, e a editorial Seix Barral creada por Víctor Seix e Carlos Barral en 1955.

Cunqueiro, Ánxel Fole, Domingo García Sabel, os pintores Carlos Maside, Luis Manteiga e Manuel Colmeiro; o escultor Xosé Eiroa; o crítico literario Carlos Martínez Barbeito e outros entusiastas, como Arturo Cuadrado e Luís Seoane, influídos pola explosión da cultura e lingua galegas na década anterior á Guerra Civil. En 1931 foi destinado como funcionario de Correos a Benavente onde fundou o Partido Socialista Obrero Español. A sublevación militar de xullo de 1936 que significou o inicio da Guerra Civil alterou por completo a súa vida. Despois de rescatar de prisión a súa dona Pilar Fidalgo e a súa familia, José Almoína emprende o camiño do exilio a Francia onde desempeñou algún posto ó servizo exterior da Segunda República Española (Morales: 2009: 61). Ante o perigo da Segunda Guerra Mundial en Europa foxe para a República Dominicana presidida polo ditador Trujillo que desexaba “acoger, o recoger, en su isla al mayor número posible de españoles refugiados. (...) para que aplicaran sus energías a la tarea de blanquear la raza” (Ayala 2006: 269). Con grandes coñecementos de Historia, Literatura e idiomas, foi contratado para exercer como profesor da *Escuela Diplomática y Consular de la Secretaría de Estado de Relaciones Exteriores* da nación caribeña entre 1940 e 1945. En 1943 foi designado “catedrático de la Facultad de Filosofía, a cargo de la enseñanza del idioma portugués” (Morales 2009: 102). Colaborou en periódicos e revistas creados por republicanos hispanos e unha das primeiras obras que publicou, *La biblioteca erasmista de Diego Menéndez* (Trujillo, Publicaciones de la Universidad de Santo Domingo, vol. XXXV), valeulle numerosos eloxios de grandes especialistas, entre os que cabe destacar o francés Marcel Bataillon (1948: 101-102) que loa o traballo por sacar á luz este navegante esquecido “avec beaucoup de minutie érudite et de ferveur, il s’est efforcé de faire toute la lumière possible sur ce vieux navigateur des premières expéditions transocéaniques” (*Ibid.* 101).

Nomeado titor persoal do fillo predilecto do ditador Rafael Leónidas Trujillo e posteriormente secretario particular do presidente,

o profesor galego e militante do PSOE queda expulsado do partido (Morales 2009: 130). Este servizo ó tirano dominicano convértese nun tormento para este exiliado de talante liberal. Aínda ante o perigo de ser tratado de ingrato ou desleal, en 1946 logra saír do ambiente asfixiante e inseguro do ditador para buscar sosego nun contexto máis favorable en México. Mais nese país ten que empezar a forxar unha nova vida, alimentar catro fillos, a esposa e sogra e, ademais, escapar da persecución que lle reservaba Trujillo. Traballa duro para sobrevivir dedicándose a actividades editoriais e traducindo numerosas obras de carácter historiográfico para a colección “Evolución de la Humanidad. Síntesis colectiva” dirixida por Henri Berr que publicou entre 1955 e 1975 a editorial Unión Tipográfica Editorial Hispano Americana (UTEHA¹⁹), fundada en 1937 por outro galego que emigrou primeiro a Cuba e logo á cidade de México, José González Porto (1896-1975).

O proxecto de tradución que levou a cabo Almoína inclúe un abano considerable de textos de insignes intelectuais franceses que participaron na colección desde o seu iniciador, o filósofo Henri Berr, ata os autores da nova escola francesa de historia encabezada polo historiador e profesor universitario Marc Bloch, fusilado pola Gestapo en 1944 e cofundador con Lucien Fèbvre (1888-1956) da Escola dos *Annales* e da revista, *Annales d’histoire économique et sociale* (1929). Destacados discípulos e herdeiros desta corrente histórica, que dominou a historiografía francesa no século XX, publicaron máis de cento sesenta volumes traducidos ó español. Aínda que se editaron e se imprimiron en México D.F. contan con reimpresións en España.

Máis dunha ducia de importantes volumes da mencionada colección da historiografía francesa patrocinada por UTEHA forman parte do haber de José Almoína como tradutor. Pola súa calidade e cantidade, esta labor de tradución reflicte unha gran capacidade de traballo por parte do profesor Almoína nun contexto cultural e social particular. A continuación lembramos algúns dos títulos onde constatamos

¹⁹ José María González Porto (1896-1975) transformou a editorial González Porto, primeiro en Cuba e logo en México, nunha gran empresa comercial baixo a firma de Unión Tipográfica Editorial Hispano-Americana (UTEHA) dende 1937 para espallarse por toda Latinoamérica.

que non se limita só a traducir o texto principal do francés, senón tamén todas as notas redactadas noutras linguas como o alemán, grego, italiano, latín ou portugués. Ademais, actualiza datos e engade numerosas notas á edición orixinal que coñecía ben e que empregaba na súa tarefa académica. Tal é o caso de:

- Halphen, Louis (1955): *Carlomagno y el Imperio carolingio*. México: Unión Tipográfica Editorial Hispano Americana, Col. La evolución de la Humanidad. (Tradución ó español da nova edición, revisada por José Almoína; orixinal: *Charlemagne et l'Empire carolingien*, 1947).
- Tieghem, Paul van (1958): *La era romántica. I. El Romanticismo en la literatura europea*. México: Unión Tipográfica Editorial Hispano Americana. (Tradución ó español e notas adicionais por José Almoína; orixinal: *Le romantisme dans la littérature européenne. L'ère romantique I* [préfacier Henri Berr], 1948).

Alén de historiador e docente, José Almoína era un humanista que dominaba varios idiomas: latín, grego inglés, italiano, portugués e alemán (Morales 2012: 126). Diferentes traballos nos que colaborou²⁰ dan fe das súas competencias. Tras unha lectura dos volumes traducidos da citada colección comprobamos a súa profesionalidade e a súa gran solvencia como tradutor tanto do francés, lingua na que estaban escritos os textos orixinais como doutros idiomas que os autores da obra de partida citan en versión orixinal. Para ilustrar esta e outras afirmacións paga a pena examinar máis polo miúdo algún exemplo da obra de Lucien Febvre *Le Problème de l'incroyance au XVIe siècle, La religion de Rabelais* (1942), traducida ó español en 1959 (*El Problema de la incredulidad en el siglo XVI: la religión de Rabelais*). Neste volume podemos seguir, xa dende as primeiras páxinas, a pegada do mediador grazas ás abundantes notas que permiten distinguir e identificar as súas intervencións:

O doux amour au doux regard/ Qui me transperce de ton dard.../ Hélas, j'ai peur/ De n'aimer point d'assez bon coeur... [¡Oh dulce amor, ante

la tierna mirada que me traspasa con tu dardo... ah tengo miedo de no amar con un corazón suficientemente piadoso!] Nota: La versión de todas las frases que aparecen en español entre corchetes está hecha por el traductor de la obra. (Febvre 1959: 3)

Unha análise minuciosa de cada unha desas notas revela as súas competencias non só como excelente tradutor senón tamén como investigador e, á súa vez, permite elaborar un retrato bastante completo dun intelectual que iniciou a súa formación na España das dúas primeiras décadas do século XX, na que o sistema educativo secundario e universitario era moi minoritario e estaba moi vinculado a contidos clásicos e humanísticos, pero xa se estaban a introducir as letras europeas nas aulas. Esa formación foi incrementándose posteriormente con concienciadas investigacións en bibliotecas nacionais e universitarias de Europa e América para divulgarlas a varias xeracións de estudantes.

Descubrimos así un traballo de pescudas minuciosas sobre varios temas tanto de carácter histórico como literario relacionadas con frai Feijoo (Febvre 1959: 326 e 377), *As Cantigas*, o manuscrito de Celanova (p. 303), a lenda de San Pedro Mezonzo orando diante do sepulcro de Santiago de Compostela cando Almanzor entrou no templo (p. 279) etc. As traducións zumegan un gran dominio da literatura clásica, da época de Rabelais, de Erasmo e doutros moitos temas que se abordan, poñendo de manifesto un perfil dunha gran erudición e sobre todo un tradutor moi documentado que sabe conxugar e relacionar a bibliografía citada por Febvre coa literatura salientable sobre cada un dos temas tratados. Deste xeito tanto o público español como o americano podían beneficiarse con estas traducións filolóxicas actualizadas, enriquecidas e, sobre todo, adaptadas a eses receptores con desexos de ampliar coñecementos (p. 90). Cando Febvre toca o tema da obra de Descartes e o uso do francés como lingua de expresión dos intelectuais, Almoína engade unha nota onde ofrece unha ampla disertación sobre a exaltación e a conciencia do idioma nacional en Europa no

²⁰ Firma a introdución castelá da versión directa e literal do grego realizada por Luis Segalá e Estalella da obra titulada *Iliada y Odisea*, de Homero (introdución de José Almoína).

século XVI (pp. 325-326), engadindo así a súa pegada de tradutor-historiador.

Ademais de traducir todas as citas que aparecen en latín aclara conceptos e explica decisións de tradución, xogos de palabras difíciles de recuperar (p. 144); traduce e compara refráns en francés e español referidos co santoral (pp. 305-306). No exemplo seguinte podemos comparar o texto orixinal da nota 1 do orixinal –na edición de 1962– coa nota 68 da tradución de Almoína (pp. 48-49) correspondente ó parágrafo onde se discute se os epigramas *Ad Rabellam* de Visagier ou o *In Rabellam* de Chesneau bautizado tamén como *Rabula* se aplican a Rabelais ou ó escritor e tradutor francés Étienne Dolet:

(1) *Rabula*: cf. Dolet, CXLIX, II col. 561: *Rabulam a rabie dici volunt, ut is sit rabula qui in negotiis agendis hacer es, et rabiosus.*— Mot courant sous la plume des humanistes. Érasme qualifie Farel d'*homo rabula, effreni tum lingua tum calamo* (CLXXIV, V, 537). Postel l'emploie pour les Cénévangelistes en bataille contre le culte de Marie (CCCCLX, 35). Etc. (edición de 1962: 64)²¹

(68) *Rabula*: cf. Dolet, [149], II col. 561: *Rabulam a rabie dici volunt, ut is sit rabula qui in negotiis agendis hacer es, et rabiosus.* [Se ha pretendido que rábula procede de arrebatado, cólera o furor (*rabie*), así como sea rábula el que se muestra inescrupuloso y violento en hacer negocios. La palabra era corriente en la pluma de los humansitas. Erasmo califica a Farel de *homo rabula, effreni tum lingua tum calamo*: hombre rábula, tan desenfrenado con la lengua como con la pluma [174], V, 537). Postel la usa para los cenevangelistas en lucha contra el culto de María ([360], 35), etc. Aunque a veces se haya hecho, en este caso no se puede traducir *rabula* por vocinglero o hablador redundante; en castellano vino a ser sinónimo de abogado picapleitos y, en gran parte, ha mantenido el significado que le querían dar los humanistas del siglo XVI] [T.]. (edición de 1959: 48-49)

Os numerosos engadidos do tradutor (N. d. T.) caracterízanse non só pola cantidade senón

tamén polas súas extensas explicacións que chegan a ocupar varias páxinas: na nota 70 (Febvre 1959: 173-176) do citado volume de Febvre explica a posición de Erasmo; na nota 47 o tradutor achega distintas traducións e explica a inmensa influencia da obra do humanista estrasburgués Sébastien Brant escrita en alemán e dialecto alsaciano *Das Narrenscheyff* (pp. 138-139), obra coñecida tanto por Erasmo como por Rabelais. Noutros casos, recomenda lecturas e estudos para que o lector amplíe coñecementos sobre calquera dos temas que se están a tratar. Así engade referencias a Avicena (p. 98), á obra de Erasmo (p. 134), así como a posibles fontes comúns entre Erasmo e Rabelais (p. 279). Inclúe información sobre a evangelización do novo mundo e outros datos sobre a relación do pensamento de Erasmo coa obra do franciscano español, frai Juan Zumárraga, primeiro bispo e arcebispo de México (pp. 94, 143, 219, 221, 271, 282, 284, 285-286 ou 299), tema principal de varios dos seus traballos de investigación. Moitas outras referencias a autores como Juan Servet (p. 87), Cervantes (p. 132), Ovidio (p. 166) ou Juan de Valdés (p. 245) veñen completar a información do texto orixinal. Almoína tamén remite a obras en inglés ou portugués (pp. 119 e 305 sobre relatos de viaxes a Xerusalén de varios autores lusos: *Itinerario*, do frai Francisco Guerreiro, ou *Itinerario da Terra sancta*, do franciscano frai Pantaleón de Aveiro, que contou con numerosas edicións posteriores) ou en alemán (pp. 138-139; 142 e 287, onde reproduce e traduce unha cita sacada do *Reisejournal*, 1521). Traduce tamén do francés antigo fragmentos de *Gargantua e Pantagruel* de Rabelais (p. 131) ou doutros escritos deste autor (pp. 219-220), de poetas humanistas como Ronsard (pp. 165-166 ou 319), de Du Bellay ou Villon (p. 397). O lector hispano pode gozar así, ó carón da versión en castelán, de relevantes fontes primarias, polo que o traballo do tradutor non consiste só en trasladar ó español os contidos do orixinal francés senón que vai sementando referencias de documentos históricos e un

²¹ Se temos en conta as numerosas edicións que se esgotaron en pouco tempo, deducimos que a colección gozou dunha enorme aceptación. Para este traballo manexamos a versión francesa de 1962, mais coidamos que Almoína partiu da edición de 1942 ou tal vez da de 1947, xa que ámbalas dúas inclúen as 6 láminas que aparecen na versión española.

suplemento á bibliografía da edición francesa co propósito de

agregarle algunos libros y trabajos aparecidos con posterioridad a la publicación francesa y dar noticia de otras obras citadas por el llorado maestro como en curso de publicación pero que se terminaron años más tarde de que él cerrara la lista, y de otro, dirigir la atención hacia lo hispánico de ambas orillas atlánticas. (p. 425)

No entanto, podemos concluir que Almoína non se limita a acumular información ou engadir obras posteriores á rica bibliografía da colección francesa senón que ofrece datos e referencias a documentos que formaron parte da súa bagaxe como historiador, pero sobre todo do seu saber facer como docente e como investigador, pois como afirma Henri Berr no seu prólogo á obra de Febvre (p. VI), “Historiador no es el que sabe, sino el que investiga”.

As traducións destacan non só polo volume de textos, pola calidade e polo desexo de aclararlle a información a un público hispano que podía atopar dificultades non só en francés senón tamén en calquera das outras linguas que empregan os autores dos orixinais. A tradución como acto de comunicación, como transacción económica ó servizo dunha determinada clientela, desempeñou unha importancia capital para José Almoína que tiña que traducir para completar os seus ingresos como profesor na Facultade (Morales 2012: 208), pero adquiriu un papel esencial para o ensino universitario da cultura mexicana e española de varias décadas. Pois son varias as xeracións de historiadores mexicanos e españois que tiveron como libros de cabeceira dende a década de 1950 estas traducións do refuxiado lucense.

4. Conclusións

Dadas as características do público ó que se dirixían os intelectuais galegos exiliados traducía cara ó castelán desde diferentes culturas, *pro panem lucrando*²², pero esa non era a única función. As traducións das letras universais, principalmente francófonas, anglófonas ou lusófonas, que se difundiron da man da emigración política galega contribuíron ó impulso

económico e cultural así como á renovación editorial dos países de acollida hispanoamericanos. Os homes e mulleres galegos que tiveron que fuxir de España por razóns políticas utilizaban a tradución tamén para reflexionar sobre os problemas universais da época que lles tocou vivir, para influír non só no seu grupo de exiliados senón tamén na comunidade internacional, procurando concienciar ó mundo da necesidade de poder desenvolver o seu traballo en liberdade. A súa experiencia de exiliados tivo, polo tanto, un efecto decisivo na súa orientación profesional e na súa produción tamén. Aínda que a experiencia do exilio non foi idéntica para todos estes intelectuais, podemos afirmar que se trataba de persoas moi comprometidas co seu tempo. Pois foi precisamente en América, en países de cultura hispánica onde se desenvolveron os proxectos máis importantes en prol da cultura e da lingua galegas nesta primeira etapa, é dicir, nas primeiras décadas despois do conflito da Guerra Civil. Esta sería a etapa de mitificación da terra de orixe e da nostalxia dunha Galicia (ou dunha España) pretérita que os intelectuais se viron forzados a abandonar. No marco destas circunstancias socio-políticas trataban de poñer o seu saber facer ó servizo do público lector, destacando a vertente cultural de Galicia, dando a coñecer obras de autores ilustres galegos para marcar así o carácter diferencial do seu país, un país cunha lingua e cunha literatura propias.

Podemos afirmar que para José Almoína, a tradución era un exercicio que lle permitía incrementar os seus ingresos pero, como docente universitario, desexaba facilitar o coñecemento e a formación dos estudantes das dúas beiras do Atlántico. As súas traducións, achega valiosa e desexable con xeral beneficio no ámbito universitario, desempeñaron, polo tanto, unha importante función didáctica. Ademais confirmamos a hipótese anunciada: a cultura e o florecemento editorial que se desenvolveu nalgúns países de Latino América nas décadas posteriores á Guerra Civil recibiron un pulo importante grazas ó conxunto das traducións dos intelectuais galegos exiliados, tanto traducindo cara ó galego como cara ó castelán.

²² Francisco Ayala emprega a expresión en *Recuerdos y olvidos (1906-2006)* (2006² [1988]: 172).

5. Referencias Bibliográficas

- Alonso Montero, Xesús (1995): *Lingua e literatura galegas na Galicia emigrante*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.
- Axeitos, Xosé Luis e Charo Portela Yáñez (eds.) (1999): *Sesenta anos despois: os escritores do exilio. Actas do Congreso Internacional celebrado na Universidade de Santiago de Compostela, 16, 17 e 18 de marzo de 1999*. Sada: Edicións do Castro.
- Ayala, Francisco (2006² [1988]): *Recuerdos y olvidos (1906-2006)*. Madrid: Alianza Editorial.
- Barreiros, Cosme (1954): “La Editorial Galaxia al Servicio de la Cultura Gallega”, *Galicia Emigrante* 7, pp. 16-18 e 35.
- Bataillon, Marcel (1948): “Publicaciones de la Universidad de Santo Domingo, vol. XXXV. Ediciones del Centenario de la República, *La biblioteca erasmista de Diego Méndez*, por José Almoína. Ciudad Trujillo, 1945; in-8°, 157 p.”, *Bulletin Hispanique* 50/, pp. 101-102 (http://www.persee.fr/doc/hispa_0007-4640_1948_num_50_1_3125_t1_0101_0000_2).
- Castro, Plácido; Lois Tobío e Florencio Manoel Delgado Gurriarán (2005): *Poesía inglesa e francesa vertida ao galego por Plácido Castro, Lois Tobío e F. M. Delgado Gurriarán*. Vigo: Galaxia.
- Caudet, Francisco (1992): *El exilio republicano en México. Las revistas literarias (1939-1971)*. Madrid: Fundación Banco Exterior.
- Consello da Cultura Galega (ed.) (2001): *Actas do Congreso Internacional “O exilio galego”*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega (http://consellodacultura.gal/mediateca/extras/CCG_2001_Actas-do-congreso-internacional-O-Exilio-Galego.pdf).
- Consello da Cultura Galega e Arquivo da Emigración Galega (eds.) (2001): *Repertorio bibliográfico do exilio galego. Unha primeira achega*. Edición para o I Congreso Internacional: “O exilio Galego” (24-29 de setembro de 2001). Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega e Arquivo da Emigración Galega (<http://consellodacultura.gal/mediateca/pubs.pdf/exilio.pdf>).
- Febvre, Lucien (1959): *El Problema de la incredulidad en el siglo XVI: la religión de Rabelais* (traducción ó español por José Almoína). México: UTEHA [orixinal: *Le Problème de l'incroyance au XVIIe siècle, La religion de Rabelais*, 1962 [1942, 1947]; edición revisada con 6 láminas e prólogo de Henri Berr.
- Fernández Rodríguez, Áurea (2014): “Los exiliados gallegos de la II República: grandes aportaciones pero escasa visibilidad”, *Cuadernos Hispanoamericanos* 768, pp. 20-43.
- (2012): “La traducción y la actividad editorial de los exiliados gallegos en Hispanoamérica” en F. Lafarga e L. Pegenaute (eds.), *Lengua, cultura y política en la historia de la traducción en Hispanoamérica*. Vigo: Academia del Hispanismo, vol. 2, pp. 61-70.
- Fernández Santander, Carlos (2002): *El exilio gallego de la guerra civil*. A Coruña: Edicións do Castro (Col. Biblioteca do exilio).
- Lojo, María Rosa (2010): “Los gallegos en el bicentenario de Argentina. Cada vez nos aprecian más”, *La Voz de Galicia* (edición electrónica: <http://www.lavozdeg Galicia.es/lavozdelaemigracion/2010/02/01/00031265018662425615382.htm>).
- Martínez Torner, Eduardo e Jesús Bal y Gay (comps.) (2007): *Cancionero gallego*. Estudio crítico de Carlos Villanueva. Edición facsimilar. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza.
- Morales Pérez, Salvador E. (2009): *Almoína, un exiliado gallego contra la dictadura trujillista*. Santo Domingo: Archivo General de la Nación, vol. LXXIV.
- Núñez Seixas, Xosé Manuel (2001): “Itinerarios exiliados: sobre a especificidade do exilio galego de 1936”, en *Actas do Congreso Internacional “O exilio galego”*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, pp. 17-69 (http://consellodacultura.gal/mediateca/extras/CCG_2001_Actas-do-congreso-internacional-O-Exilio-Galego.pdf).
- Portela Yáñez, Charo (ed.) (1991): *Cincuenta años de exilio español en Puerto Rico y el Caribe: 1939-1989. Memorias del Congreso Conmemorativo celebrado en San Juan de Puerto Rico*. Sada: Edicións do Castro.
- Vasquez-Bronfman, Ana (1991): “La malédiction d’Ulysse”, *Hermès. Cognition, communication, politique* 10, pp. 213-224 (http://documents.irevues.inist.fr/bitstream/handle/2042/15396/HERMES_1991_10_213.pdf;jsessionid=FD6F9A5FF3BCCAD46A109010E5DB0800?sequence=1).
- Zuleta, Emilia de (2002 [1999]): *Espanoles en la Argentina: el exilio literario de 1936*. Alicante: Biblioteca Virtual Miguel de Cervantes (http://www.cervantesvirtual.com/obra-visor/espanoles-en-la-argentina-el-exilio-literario-de-1936--0/html/ff757208-82b1-11df-acc7-002185ce6064_23.html) [edición electrónica baseada na de Bos Aires, Ed. Atril, 1999].